



Guía Docente				
Datos Identificativos			2023/24	
Asignatura (*)	Xestión da Cadea de Subministración de Moda I: Aprovisionamento	Código	710G03005	
Titulación				
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	Anual	Primeiro	Obrigatoria	9
Idioma	Inglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Empresa			
Coordinación	Pernas Álvarez, Javier	Correo electrónico	javier.pernas2@udc.es	
Profesorado	Monje Amor, Ariadna Pernas Álvarez, Javier	Correo electrónico	ariadna.monje@udc.es javier.pernas2@udc.es	
Web				
Descrición xeral	A xestión da cadea de subministro trata sobre a organización e deseño de todos os procesos necesarios, tanto internos como externos, para que unha empresa produza e entregue os bens e servizos demandados pola súa clientela nas condicións de lugar, tempo, calidade e custo requiridas. Nesta materia introdúcense os conceptos teóricos básicos e as metodoloxías prácticas que permiten a resolución de diversos problemas que xorden na xestión da cadea de subministro da moda.			

Competencias do título	
Código	Competencias do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Cofecer os conceptos básicos da xestión da cadea de subministro.	A3 A9	B1 B2 B3 B4 B5 B8 B9	C2 C3 C7 C8 C9
Cofecer a cadea de subministro da moda.	A9	B1 B2 B3 B4 B5 B8 B9	C2 C3 C7 C8 C9
Saber resolver problemas da xestión da cadea de subministro.	A3 A9 A13	B1 B2 B3 B4 B5 B8 B9	C2 C3 C7 C8 C9



Contidos	
Temas	Subtemas
Cadea de subministro da moda	As cadeas de suministro de moda mundiais Materiais Desenvolvemento de produtos de moda Procesos Tecnoloxías
Xestión da cadea de subministro	Introdución: operacións, cadea de subministro e loxística Estratexia da cadea de subministro Deseño da cadea de subministro Indicadores de rendemento
Aprovisionamento	Fontes de aprovisionamento Selección de provedores Métodos de aprovisionamento Procesos de aprovisionamento Contratos de subministro Indicadores de rendemento
Previsión e planificación da demanda	Conceptos básicos Previsións a curto e longo prazo Tendencia e estacionalidade Previsión da demanda para novos produtos Previsión da demanda para produtos de moda
Ordes de compra	Cantidade Económica de Pedido O modelo 'newsvendor' aplicado aos produtos de moda Indicadores de rendemento Coordinación da cadea de suministro O 'efecto látigo'
Planificación de requirimentos de material	Niveis de planificación Plan mestre de produción Lista de materiais A metodoloxía MRP Tamaño de lote ERP
Distribución	Rede de distribución Transporte Custes loxísticos Indicadores de rendemento
Manexo de materiais e almacenaxe	Almacéns e sistemas de almacenaxe Equipos de manipulación Sistemas de transporte interno para produtos textís Clasificadores

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Solución de problemas	A3 A9 A13 B1 B2 B3 B5 B8 B9 C2 C8 C9	5	12.5	17.5
Prácticas a través de TIC	A9 A13 B1 B2 B3 B5 B8 B9 C3 C8 C9	16.5	36	52.5



Traballos tutelados	A3 A9 A13 B1 B2 B3 B4 B5 B8 B9 C2 C3 C7 C8 C9	1	37	38
Proba mixta	A3 A9 A13 B1 B2 B3 B4 B5 B8 B9 C2 C3 C8 C9	1	20	21
Seminario	A3 A9 A13 B1 B2 B3 B4 B5 B8 B9 C3 C7 C8 C9	3	0	3
Estudo de casos	A3 A9 A13 B1 B2 B3 B4 B5 B8 B9 C2 C3 C7 C8 C9	3	10	13
Discusión dirixida	B1 B2 B3 B4 B9 C2	2	4	6
Foro virtual	B2 B4 B5 C2	0	5	5
Presentación oral	B2 B3 B4 B8 B9 C2 C3 C9	1.5	4	5.5
Lecturas	B1 B3 B5 B9 C8 C9	0	12	12
Sesión maxistral	A3 A9 A13 B1 B2 B3 B5 B8 B9 C3 C8 C9	31.5	15	46.5
Atención personalizada		5	0	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Solución de problemas	Resolución de problemas de natureza teórica e práctica.
Prácticas a través de TIC	Resolución de problemas prácticos mediante ordenador.
Traballos tutelados	Realización dun traballo en grupo e presentación final do mesmo. O contido e características deste traballo daranse a coñecer ao alumnado ao finalizar o primeiro cuatrimestre.
Proba mixta	Exame parcial e exame final, que poderán combinar diferente tipoloxía de preguntas (preguntas de resposta breve, preguntas de ensaio, exercicios prácticos e preguntas obxectivas ou tipo test).
Seminario	Realización de seminarios con profesionais expertos en temas da materia, sempre que sexa posible.
Estudo de casos	Resolución, individual ou en grupo, dos casos propostos. Estes casos iranse detallando ao longo do curso, conforme ao plan de traballo.
Discusión dirixida	Mediante esta dinámica abordaranse diferentes temáticas enfocadas a que o alumnado reflexione sobre diferentes aspectos da materia e adopte unha posición crítica.
Foro virtual	Existirán dous foros virtuais, a saber: - Foro virtual de debate: canle que o alumnado poderá empregar para a proposta de debates e a participación nestes. - Foro virtual de aprendizaxe: canle que o alumnado poderá empregar como espazo para o intercambio e a reflexión de aprendizaxes e a proposta de novas actividades.
Presentación oral	Presentación oral, de forma individual ou en grupo, de traballos realizados na aula ou de estudos de casos que deberán entregarse por escrito.
Lecturas	Lecturas sobre diferentes temáticas para abordar e/ou profundar nas cuestións abordadas na aula.
Sesión maxistral	Presentación dos contidos que conforman o marco teórico da materia mediante a exposición oral, guiada co uso de presentacións, de medios audiovisuais e da introdución de cuestións dirixidas ao alumnado coa fin de favorecer a aprendizaxe e a construción do coñecemento.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



<p>Traballos tutelados</p> <p>Proba mixta</p> <p>Estudo de casos</p> <p>Solución de problemas</p> <p>Prácticas a través de TIC</p>	<p>A atención personalizada descrita desenvolverase principalmente en torno ao traballo tutelado, e concíbese como momentos de traballo persoal co profesorado da materia para a atención e seguimento do traballo realizado por cada un dos grupos de traballo. Recoméndase a asistencia do alumnado a estas reunións, cuxa forma e momento concretos nos que terá lugar se indicarán ao longo do curso en función do plan de traballo da materia, estimándose que a primeira reunión cos grupos de traballo terá lugar ao inicio do segundo cuadrimestre. Con todo, durante o curso o alumnado poderá empregar as horas de titorías para aclarar dúbidas e cuestións sobre a materia.</p> <p>O alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial, segundo establece a "Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo dos estudantes de Grado na UDC" (Arts. 3.b e 4.5) realizará as súas actividades coa asistencia e participación nas dinámicas que se recollen nos apartados de "Planificación" e na "Atención personalizada", a través dos grupos de traballo que se conformen na materia. A actividade realizarase atendendo ás observacións de avaliación sobre a flexibilidade de asistencia-participación e os requisitos para superar a materia.</p>
--	--

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A3 A9 A13 B1 B2 B3 B4 B5 B8 B9 C2 C3 C7 C8 C9	<p>Avaliación do informe escrito e exposición oral do traballo en grupo proposto.</p> <p>Esta avaliación realizarase tendo en conta criterios como o dominio de contidos específicos, a expresión escrita e a presentación formal, o manexo da información, a claridade da presentación e da presentación...</p>	20
Proba mixta	A3 A9 A13 B1 B2 B3 B4 B5 B8 B9 C2 C3 C8 C9	<p>Examen parcial (15%) e examen final (15%) dos contidos da materia.</p> <p>O exame parcial terá un carácter voluntario, polo que o alumnado que decida non presentarse a este, deberá presentarse ao exame final, que terá un peso do 30% na nota final da materia. Igual condición rexe para o alumnado que suspenda o exame parcial.</p>	30
Estudo de casos	A3 A9 A13 B1 B2 B3 B4 B5 B8 B9 C2 C3 C7 C8 C9	<p>Avaliación dos casos propostos polo profesorado para a súa resolución individual ou en grupo.</p>	10
Sesión maxistral	A3 A9 A13 B1 B2 B3 B5 B8 B9 C3 C8 C9	<p>Valorarase a asistencia e participación activas nas sesións maxistras e nas actividades realizadas nas sesións interactivas (exemplo, participación en debates ou discusións dirixidas na aula, resolución de actividades, resposta a preguntas formuladas...). Poderán tamén realizarse pequenos cuestionarios, sen necesidade de previo aviso, sobre os contidos vistos ao remate dalgunha das sesións expositivas.</p>	10
Prácticas a través de TIC	A9 A13 B1 B2 B3 B5 B8 B9 C3 C8 C9	<p>As prácticas a través de TIC basearanse na realización dunha práctica/exame parcial (15%) e dunha práctica/exame final (15%) que cubrirán diferentes aspectos das prácticas a través de TIC realizadas na aula.</p> <p>A práctica/exame terá un carácter voluntario, polo que o alumnado que decida non presentarse a este, deberá presentarse á práctica/exame final, que terá un peso do 30% na nota final da materia. Igual condición rexe para o alumnado que suspenda o exame parcial.</p>	30

Observacións avaliación



Criterios de avaliación

Segunda oportunidade

Para

poder aprobar a materia, tanto na primeira como na segunda oportunidade de avaliación, será preciso obter unha nota mínima de 4 puntos sobre 10 na parte de proba mixta, nas prácticas a través de TIC e no traballo tutelado. En caso de non cumprirse este requisito, a cualificación final será de "Suspenso", aínda cando a nota media de todas as actividades a avaliar outorgase unha nota igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

Naquelas metodoloxías nas que se diferencie entre práctica/exame parcial e final, se un alumno/para aproba o primeiro exame/práctica parcial, pero suspende (cunha nota inferior a 4 sobre 10) o segundo exame/práctica parcial, só terá que volver presentarse á segunda parte na segunda oportunidade, e conservaráse a nota do primeiro exame/práctica parcial.

Se

un/a alumno/a que ten liberada unha parte da materia non consegue aprobar a materia no seu conxunto nas datas oficiais dos exames da primeira e segunda oportunidade, a súa cualificación final será de "Suspenso". No seguinte curso académico, o/a alumno/a poderá gardar a nota daquelas probas que ten superadas (sempre e cando obtivese unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10), se así o desexa, e sempre e cando informe ao profesorado da súa decisión nas dúas primeiras semanas de clase. Esta condición solo rexerá durante o curso académico seguinte; a partir de aí, non se gardará ningunha nota.

Convocatoria adiantada

Se

houbese alumnado que queira presentarse á convocatoria adiantada de decembro (Art. 19 "Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grado e mestrado universitario"), dado que esta materia ten un carácter anual, o alumnado que se presente a esta convocatoria unicamente deberá realizar a proba mixta (40% da nota), a práctica a través de TIC (40% da nota) e o traballo tutelado (20% da nota). O traballo tutelado deberá realizarse de xeito individual.

Para poder superar a materia, será preciso obter unha cualificación final igual ou superior a 5 puntos sobre 10, sempre e cando o alumnado obtivese unha puntuación igual ou superior a 4 sobre 10 en cada unha das metodoloxías sometidas a avaliación.

Cualificación "Non presentado"

Será

cualificado con "Non Presentado" o alumnado que non asista ao exame final que terá lugar na data establecida no calendario oficial de exames da facultade. Este criterio aplicará tanto na primeira como na segunda oportunidade de avaliación, así como na convocatoria adiantada.

Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia

O

alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia deberá comunicar ao inicio do curso a súa situación ao profesorado da materia, á fin de establecer un plan e

calendario de traballo. O sistema de avaliación será o seguinte: proba mixta (40%), prácticas a través de TIC (40%) e traballos tutelados (20%). O traballo tutelado deberá realizarse en grupo.

Información adicional

De acordo co artigo 11, apartado 4 b) do Regulamento disciplinar do estudiantado da UDC, o comportamento fraudulento en calquera dos apartados sometidos a avaliación suporá a cualificación de "Suspenso (0)" na avaliación final tanto na primeira como na segunda oportunidade e independentemente da oportunidade na que se cometese a falta. Está prohibido acceder á aula na que se desenvolvan as distintas probas de avaliación con calquera dispositivo que permita a comunicación co exterior e/ou almacenamento de información (móviles, reloxos intelixentes...).



Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Monczka, R.M., Handfield, R.B. (2015). Purchasing and Supply Chain Management. South-Western CENGAGE Learning - Ballou, R.H. (2004). Business Logistics Management. Pearson - Verma, R., Boyer, K.K. (2010). Operations & Supply Chain Management. World class theory and practice.. South-Western CENGAGE Learning - Collier, D.A., Evans, J.R. (2011). Operations Management. South-Western CENGAGE Learning - Nayak, R., Padhye, R. (2015). Garment Manufacturing Technology. Woodhead Publishing - Londrigan, M.P. (2018). Fashion Supply Chain Management. Bloomsbury Publishing Inc - Bureau veritas formación (2011). Logística Integral. FC EDITORIAL - Quayle, M. (2006). Purchasing and Supply Chain Management: Strategies and Realities. Hershey: IGI Global [Base de datos EBSCO] <p>O profesorado da materia poderá proporcionar bibliografía adicional en cada un dos temas.</p>
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"> - Sridhar Tayur, Ram Ganeshan & Michael Magazine (1999). Quantitative Models for Supply Chain Management. Kluwer Academic Publishers - Fashionary (2021). Textilepedia. The complete fabric guide. Fashionary

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Fundamentos de Xestión da Empresa de Moda/710G03004

Materias que continúan o temario

Xestión da Innovación Industrial en Moda/710G03029

Xestión da Cadea de Subministración de Moda II: Xestión de Operacións/710G03017

Xestión Sustentable da Cadea de Valor da Moda/710G03018

Xestión da Cadea de Subministración de Moda III: Loxística e Transporte/710G03019

Fundamentos Matemáticos e Ferramentas para a Análise de Datos/710G03014

Observacións

Recoméndase a revisión e seguimento do curso da materia no campus virtual, onde se compartirán os materiais empregados na aula e se informará das actividades a realizar. Ante a posibilidade de non poder usar as aulas de informática durante as sesións interactivas, o alumnado da materia deberá asistir a estas clases con ordenador portátil ou tableta electrónica, para así poder realizar as actividades previstas. O alumnado deberá instalar o paquete Office 365 -en caso de non dispoñer del, a universidade permite a súa instalación gratuita-, porque durante as sesións interactivas farase uso do software de follas de cálculo Microsoft Excel. Os traballos da materia entregaranse a través da aula virtual, en soporte dixital; e se non é posible, recoméndase a impresión en papel reciclado, a dobre cara e evitando o uso de materiais plásticos. Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores de ambos os sexos,...). Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías